

administrativa; non obstante, contra ela poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación segundo dispoñen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2005.

Alberto Núñez Feijóo
Vicepresidente primeiro e conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 25 de xaneiro de 2005 pola que se fai pública a validación do curso de especialidade en lingua galega.

A Orde do 26 de novembro de 1993 (DOG do 23-12-1993), no seu artigo 2º establece que se lles validará o curso de especialidade en lingua galega aos licenciados en filoloxía e aos diplomados en EXB polas escolas universitarias de formación do profesorado de EXB, que estean en posesión dos certificados do ciclo elemental e do ciclo superior de galego das escolas oficiais de idiomas.

Polo anteriormente exposto,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Conceder a validación do curso de especialidade en lingua galega ás persoas que se relacionan a seguir, por reuniren os requisitos establecidos no artigo 2 da Orde de 26 de novembro de 1993:

María de los Dolores Luna Rodríguez	33816480
María Andrea Carramal Martínez	44081213
María Luisa Costas Rial	10072760
Rosa María Peña Otero	34940778

Artigo 2º

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria expedirálles os correspondentes diplomas.

Disposición derradeira

Facúltase a dirección xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o desenvolvemento desta orde.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2005.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

Orde do 7 de febreiro de 2005 pola que se anuncia a convocatoria para presentar proxectos de fomento do uso do galego e de formación para os traballos dos equipos de normalización lingüística dos centros públicos de educación infantil, especial, de adultos, primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional, adscritos a esta consellería.

A Administración educativa de Galicia garante que os alumnos, conforme van acabando cada un dos ciclos nos que o ensino do galego é obrigatorio, vaian acadando un dominio, oral e escrito, similar dos idiomas galego e castelán, tal e como determina o artigo 14.3º da Lei 3/1983, de normalización lingüística.

Para poder conseguir iso, esta mesma lei encoméndalle á Xunta de Galicia a regulamentación no ensino do uso desas dúas linguas oficiais en Galicia. Esa regulamentación está establecida nos decretos 247/1995, do 14 de setembro, e 66/1997, do 21 de marzo.

Como órgano impulsor e dinamizador das medidas necesarias para levar a cabo o que dispoñen eses decretos e, consecuentemente, para conseguir que os alumnos acaden o dominio do galego que establece a Lei de normalización lingüística, cada centro ten que constituír un equipo de normalización lingüística. Este equipo é o que recollen os decretos 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto) e 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21 de outubro), polos que se aproban os regulamentos orgánicos dos institutos de educación secundaria e das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, respectivamente, decretos que foron desenvolvidos, tamén respectivamente, polas ordes do 22 de xullo e do 1 de agosto de 1997 (publicadas no DOG do 2 de setembro).

No ano 2005, a Administración educativa galega, á parte de manter este proxecto de fomento do uso do galego nos centros educativos, recolle a posibilidade, a través dunha partida adicional orzamentaria, de lles complementar os incentivos a aqueles centros que, cumprindo os obxectivos que regulan os decretos 247/1995, do 14 de setembro, e 66/1997, do 21 de marzo, que regulan o uso do galego no ensino, destacan por estender o seu uso a outras áreas curriculares.

Por todo isto, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Primeiro.

1. A presente orde ten por obxecto financiar proxectos de fomento do uso do galego e de formación en réxime de concorrencia competitiva destinados aos equipos de normalización lingüística dos centros públicos que imparten ensinanzas de educación infantil, especial, de adultos, primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional de Galicia,